Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pedra da Serpenta de Gondomil

A Pedra da Serpenta de Gondomil, ou Gundamil, está en Corme, no concello de Ponteceso (A Coruña). Representa unha serpe ¿ou, se cadra, dúas? en relevo sobre unha peneda, probablemente con ás; a carón hai unha pía labrada na mesma pena.

Tamén se lle chama cruceiro porque sobre a pena púxose o símbolo da cristianización, unha cruz de pedra. Unha explicación cristiá sobre a presencia desta serpe di que é memoria dun milagre que fixo Santo Adrián librando aquela comarca dunha invasión de serpes. Outras explicacións relacionan esta pedra co culto ás serpes por parte dos saefes.

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía:

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio, A coca e o mito do dragón, Vigo, Ir Indo, 1993.

VAQUEIRO, Vítor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.